



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

MEMORIA DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA DOCENCIA PARA A IMPARTICIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL “MONTAXE DE MOBLES E ELEMENTOS DE CARPINTERÍA. MAMR0108” E “INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA. MAMS0108”

O servizo será contratado para a realización das seguintes actividades e tendo en conta os puntos a continuación:

a) Impartición dos contidos formativos incluídos no certificado de profesionalidade “**MAMR0108** Montaxe de mobles e elementos de carpintería” incluído o módulo de prácticas profesionais non laborais, e os seus módulos transversais “**FCOO03** Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero”, “**FCOXXX05** Formación para a igualdade”, e “**FCOXXX04** Básico de prevención de riscos laborais”, facendo un total de **538 horas**, e seguindo o programa formativo publicado pola Consellería de Traballo para o certificado de profesionalidade e para cada un dos módulos, e o calendario proposto polo Concello e aprobado pola Consellería de Traballo.

b) Impartición dos contidos formativos incluídos no certificado de profesionalidade “**MAMS0108** Instalación de elementos de carpintería” incluído o módulo de prácticas profesionais non laborais, e os seus módulos transversais “**FCOO03** Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero”, “**FCOXXX05** Formación para a igualdade”, e “**FCOXXX04** Básico de prevención de riscos laborais”, facendo un total de **578 horas**, e seguindo o programa formativo publicado pola Consellería de Traballo para o certificado de profesionalidade e para cada un dos módulos, e o calendario proposto polo Concello e aprobado pola Consellería de Traballo.

c) O orzamento total será de **45.320,76 € polo total das horas das dúas accións**, correspondendo a cantidade de **21.848,18€ á acción MAMR0108 polas súas 538 horas**; e **23.472,58€ á acción MAMS0108 polas súas 578 horas**. No caso da impartición dunha sola das accións, teremos en conta estas cantidades por acción formativa, e non a contía total.

De non acadarmos o número preciso de alumnos para o inicio da acción, ou non poder comezala por calquera causa, a empresa seleccionada non terá dereito a compensación algunha, xa que tampouco se levaría a cabo a docencia. (artigo 44º da Orde do 23 de decembro de 2013). Así mesmo, en caso de cancelación do curso pola Consellería, a empresa tería dereito á parte proporcional da cantidade que atribúa a Consellería (artigo 44º.4 da Orde do 23 de decembro de 2013)

d).- A impartición dos contidos formativos, deberá ser feita en galego, así como as probas, cualificacións e demais documentación

e).- Os monitores contratados pola empresa para impartición da acción reflectida deberán cumpri-los requisitos de formación e experiencia que indican cada un dos certificados de profesionalidade, así como estar introducidos no sistema informático da Xunta de Galicia para seguimento das accións (Sifo). Así mesmo, como no calendario



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

das accións formativas non se prevén vacacións, nin aprazamentos, a empresa, no caso de baixa ou imposibilidade de impartición por parte dalgún monitor, queda comprometida á súa substitución, ó día seguinte, por outro monitor, que cumpra as características indicadas neste documento, evitando a perda ou modificación do calendario.

f).- Para a impartición do módulo "FCOXXX04 Básico de prevención de riscos laborais", a empresa deberá estar homologada tal e como indica o artigo 47º.2 da Orde do 23 de decembro de 2013 e pola normativa que refire o mesmo na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballo.xunta.es/descargas/afd2010-prevencion.pdf>, pola "Fundación Laboral de la Construcción" ou pola "Fundación del Metal para la Formación, Cualificación y el Empleo", ademais de emitir o diploma ou certificado correspondente ó módulo de riscos laborais

g).- Durante a impartición da docencia, e para a realización dos contidos prácticos de cada módulo, os monitores poderán levar a cabo prácticas no exterior, nos locais indicados polo Concello, sempre coa autorización previa da Consellería.

h).- A empresa debe xestionar, xa que forman parte do certificado de profesionalidade desta acción, o módulo de prácticas profesionais non laborais para tódolos alumnos seguindo o artigo 51 da Orde do 23 de decembro do 2013, podendo resultar calquera das posibilidades que a Orde e a normativa de desenvolvemento permiten

i) O contrato terá a duración necesaria para levar a cabo a docencia da acción indicadas. O calendario das mesmas, estará marcado polo Concello previa autorización da Consellería. Dito calendario poderá ter variacións, tanto no seu horario como nos días, incluíndo o cambio entre impartición de mañá ou de tarde, dependendo das necesidades do servizo, e sempre de acordo coa Orde do 23 de decembro de 2013

j) A empresa entregará toda a documentación precisa que sexa solicitada tanto pola Consellería como polo Concello, e a documentación de seguimento, control, avaliación dos alumnos, incluíndo as probas realizadas e os informes de cualificacións, tal e como indican os certificados de profesionalidade e a súa normativa reguladora, de cada unha das especialidades, así como os manuais utilizados e outros materiais empregados na docencia e o inventario comprobado. Toda a documentación, debe ser entregada nos prazos marcados pola Orde do 23 de decembro de 2013, e sempre cos prazos de anterioridade suficientes para a xustificación económica das accións formativas

Tui, 13 de xuño de 2014